Esta semana propóñovos tocar unha melodía a dúas voces. Podes ver os materiais no seguinte enlace. É o mesmo que o da semana pasada (ver menú superior):

https://musicasofan0.wixsite.com/muineira34/tradicional-galega

**Deixo dúas partituras, para que escollades aquela que mellor se adapte ó nivel que poidades tocar. Escollede unha (a "Muiñeira de Lugo" sería recomendable para 6º).**

Coma sempre, escollede **unha actividade para enviar** entre esta semana e a anterior. Pode ser un vídeo tocando, bailando os puntos de muiñeira, ou foto das fichas da semana pasada ou desta).

**Esta será a última actividade do curso e, como precisa tempo de práctica, tedes de prazo ata o 8 de XUÑO**

Moito ánimo coa recta final!

Para dúbidas, podedes escribirme a

**musicasofan@gmail.com**

**Nota importante: Se deixastes o material de música no centro, acordádevos de recollelo o día que a titora vos mande instrucións específicas para ir a buscar o resto do material ou devolver os libros.** Se non tedes frauta podedes practicar nun móbil ou tablet tocando melodías coa app **"Mi primer xilófono y piano"**, dispoñible en Android e IOs.



Pasodoble

# Na Beira do Mar

Tradicional



# Muiñeira de Lugo

Tradicional



- **Contesta as preguntas sobre as partituras anteriores:**

1. En que compás están escritas?

Na beira do mar:

Muiñeira:

2. Cantas corcheas collen en cada compás? Cantas negras? Cantas semicorcheas? Cantas brancas?

Na beira do mar:

Muiñeira:

3. Na partitura, rodea de azul os “puntillos”. Cantos pulsos vale unha negra con puntillo? E unha branca con puntillo?

4. En “Na beira do mar”, rodea de verde as “ligaduras de unión”. Para que serven?

5. Rodea de vermello os “signos de repetición”

6. Que significa “D.S.”?